

CIRCULAR INFORMATIVA Nº 1: SOBRE A ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS DE ALUMNOS/AS NO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO

A resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (D.O.G. 18/09/2024) establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos Consellos Escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos..

O proceso, na parte que implica ós pais e nais dos alumnos/as, segue os seguintes pasos:

	PROCESO	DATA
1	Sorteo dos membros da Xunta Electoral	Venres 18/10/2024
2	Constitución da Xunta Electoral, publicación dos Censos Electorais e aprobación do calendario electoral	Martes 22/10/2024
3	Presentación de Candidaturas	Do 1 ao 8 de novembro
4	Proclamación de candidaturas	Martes 12/11/2024
5	Presentación de reclamacións ás candidaturas, se as houbera	O 13 e 14 de novembro
6	Votación e escrutinio	Martes 19/11/2024
7	Proclamación de candidatos elixidos	Martes 26/11/2024
8	Constitución do Consello Escolar	Martes 3/12/2024

O sorteo público para a formación da XUNTA ELECTORAL realizarase o venres 18 de outubro ás 12:00 horas. Unha vez constituída (día 22 de outubro), emitirase información puntual do proceso mediante circulares.

O DIRECTOR